



Programación cultural *Oleiros*

febreiro-abril
2024

Concello de  Oleiros

XI CICLO DE MÚSICA : Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 3 de febreiro ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica (Perillo)

JORGE DA ROCHA

Procedencia: Portugal

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros

.....



Jorge da Rocha presenta o seu terceiro álbum só: BLAU - Being Lost As Usual - unha proposta singular no panorama actual da música moderna, que sorprende pola súa orixinalidade e a súa sensibilidade. Un encontro entre a electrónica e o acústico que nos transporta por diferentes paisaxes sonoras e aproxímanos ao son de Radiohead, Apparat ou Massive Attack.

Despois de presentar por toda Europa, en Asia e en América do sur os seus dous álbums anteriores (gravados soamente coa voz e o contra-baixo). Jorge explora agora toda a súa versatilidade multi-instrumental nun traballo repleto de detalles, guitarras espaciais que se mesturan con arranxos de cordas, baterías acústicas reforzadas por elementos electrónicos e o contra-baixo tocado dunha forma innovadora.

En BLAU inclúense temas como “False Alarm”, sobre un personaxe que nega o quecemento global, ou “Terra Quente” que parte do drama dos incendios forestais que devastan Portugal cada verán e outros de carácter máis persoal e introspectivo, como “Excellence” (sobre a imposición da excelencia na sociedade moderna) ou “Agora”, en que nos convida a vivir máis intensamente o momento presente.

XI CICLO DE MÚSICA : Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 10 de febreiro ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica (Perillo)


ANTÍA MUÍÑO

Procedencia: Galicia

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros

.....



O seu rexistro móvese entre o jazz-pop, a canción alternativa de autora e a música tradicional, sendo a súa proposta como unha sorte de médium entre Norah Jones, Sílvia Pérez Cruz, Tracy Chapman e Luz Casal. Actuou en festivais tan diversos como o Jazzaldía (Donosti), Veranos de la Villa (Madrid), Os Xoves de Códax (Cambados), Sound Isidro (Madrid) ou o Festival Maré (Compostela), entre outros, e colabora con artistas como Xabier Díaz, Baiuca, Carlos Núñez, Las Migas, Luis Pastor ou Néboa. Durante o 2023 xirou por toda España, en Portugal e tivo a súa primeira xira por Marrocos.

Para 2024 preparou novas cancións, que acompañan nos directos ao seu aplaudido “Carta Aberta”, o seu álbum debut, que ten case 2 millóns de reproducións. Ela foi escollida embaixadora de Spotify España na súa playlist EQUAL, saíndo en rotación nas marquesinas de Times Square (New York) a finais de 2022. E compre resaltar a Antía en The Spanish Wave no Visa For Music (Rabat) 2023, coma finalista nos Premios MIN 2023 e coma Mellor Artista Emerxente nos Premios Martín Códax da Música 2022

XI CICLO DE MÚSICA: Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 24 de febreiro ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica (Perillo)

CÉSAR DE CENTI

Procedencia: Galicia

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros



Músico, cantautor, cancionista coruñés con máis de vinte anos de escenarios e habitual da escena galega e nacional do xénero. Conta con actuacións en festivais de prestixio (Noroeste Estrela Galicia, SantiAutor, BarnaSants, Vai de Camiño) e no circuito nacional da canción de autor (Liberdade 8, Galileo Galilei, A Fídula). En 2008 gravou o seu primeiro disco, *Principios e declaracións. A luz dos xigantes*, o seu segundo disco editado en 2013, foi financiado mediante unha campaña de crowdfunding, conseguindo o obxectivo no primeiros catorce días grazas a 200 mecenas.

Bailando o incendio foi gravado na Palleira Estudos (O Incio), coa produción a cargo de Xabier Vizcaíno e con colaboracións do propio Vizcaíno ou de Fito Mansilla (Warner Music).

En xaneiro de 2022 levou a cabo unha xira por Arxentina, desde Buenos Aires a Córdoba, Rosario ou Humahuaca, xunto a Tato López e Emiliano Del Río, cun total de oito concertos.

O seu último traballo é un disco en directo titulado *César de Centi en vivo no Teatro Colón*, de 2023.

XI CICLO DE MÚSICA: Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 2 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica (Perillo)

CAAMAÑO&AMEIXEIRAS

Procedencia: Galicia

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros



Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz) forman Caamaño&Ameixeiras, un dúo galego ligado á música e ao baile de raíz. Desde o seu nacemento, en 2018, este dúo conta cunha intensa traxectoria, tanto a nivel nacional como internacional. Tomando como punto de partida a tradición, o dúo consegue crear unha linguaxe propia e única, con composicións e arranxos persoais e vivos que manteñen a esencia do popular incorporando recursos contemporáneos e situando a emoción en primeiro plano.

Logo do éxito colleitado no seu primeiro traballo discográfico, *Aire!* (Segell Microscopi, 2021) (*Premio Martín Códax da Música 2021* na categoría de Folk, 1º Premio no *Folkez Blai 2021* (Ermua, País Vasco), *Premio Opinión da Música de Raíz ao disco do ano 2021*), producido polo recoñecido músico burgalés Diego Galaz e con colaboracións tan destacadas como a de Sílvia Pérez Cruz ou Fetén Fetén, o dúo lanza en outubro de 2023 o seu segundo álbum.

En *Quitar o aire* (Raso Estudio, 2023), con Hevi (Malandrómeda) aos mandos da produción, Caamaño&Ameixeiras resignifican e actualizan os códigos da música de raíz.

Novo Circo e Música

Sábado 16 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Pistacatro Productora de Soños: Orquestra de Malabares

Autoría: Pistacatro Productora de Soños

Dirección: Pablo Reboleiro

Elenco: Aitor Garuz, Arturo Cobas, Dulce Duca, Dani Fausto, Santiago Montero, Guillermo Portas, Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros, dirixida por Nilo García Armas

Xénero: novo circo

Duración: 75 min

Público: todos os públicos

Prezo: 6 euros



Orquestra de Malabares é un espectáculo que pon en escena a seis malabaristas e unha banda municipal. Unha relación entre música e circo. Un concerto onde os malabares son os bailaríns deste ballet aéreo. Clarinetes, saxos e trompetas son os pintores dun cadro expresionista no que as bólas, mazas e aros debuxan no ar os sentimentos e emocións que transmiten a música e o circo.

A banda e os seus músicos, fóra da súa zona de confort, participan, case como actores, dun espectáculo teatral tocando temas e estilos fóra do común.

En definitiva, este é un espectáculo de instrumentos dourados, grandes tambores, pratos, camisas brancas, uniformes e maxistrais obras clásicas; pero tamén de pantalóns curtos, camisetas, gafas de sol, funk, blues, pop e punk.

Teatro

Sábado 23 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Redrum Teatro: Hamelin

Autoría: Juan Mayorga

Dirección: Alex Sampayo

Elenco: Machi Salgado, Mónica García, Fran Lareu, Belén Constenla, Roberto Leal, Guillermo Carbajo, Rubén Porto

Xénero: drama

Duración: 90 min

Público: adulto

Prezo: 4 euros



■ **Sínope:** “Era unha vez unha bela cidade chamada Hamelin. A cidade encheuse de ratas. Ata que alguén fixo soar unha fermosa música”. A versión áspera do conto é máis verosímil e parécese máis ao mundo no que vivimos. No noso mundo, os nenos son os primeiros que pagan. Pagan os vicios dos maiores, as mentiras dos maiores. Neste sentido, o Hamelin que non sabe protexer os seus nenos é como moitas cidades do noso mundo. Mayorga trata o tema da pederastia cunha linguaxe e escenas cheas de elipses, onde as cousas quedan aludidas, onde o espectador debe poñer da súa parte para interpretar, para imaxinar, para encher os silencios. Juan Mayorga aborda o asunto dunha maneira moi sutil, os silencios dos personaxes encerran grandes verdades, evita unha linguaxe ordinaria e opta por un público activo que que imaxine máis aló do que se mostra en escena.

Este texto galardoado co Premio Max en 2006, supuxo a consagración definitiva do seu autor Juan Mayorga, Premio Princesa de Asturias das Letras neste ano 2022.

Teatro

Sábado 6 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Compañía Humana: *Iphixenia na porta do súper*

Autoría: Gary Owen

Dirección: Sara Rey

Elenco: Alba Caneda

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 75 min

Público: adulto
(a partir de 12 anos)

Prezo: 4 euros



.....

Sinopse: Unha revisión contemporánea do mito clásico de Eurípides. Unha brillante versión premiada como mellor texto de 2015 nos UK Theatre Awards for Best New Play. Estreada xa en varios países cun éxito rotundo, este emocionante e necesario monólogo fala das consecuencias dos recortes sociais, a través da vida da súa protagonista de clase baixa. Unha personalidade magnética, directa, que nos amosa sen filtros e con humor a humanidade que se esconde tras as colas na atención primaria, o recorte de camas hospitalarias, a ausencia de médicos...

Unha historia de sacrificio, dignidade e esperanza.

Teatro

Sábado 13 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Inconstantes Teatro: *Hasta que la muerte nos separe*

Autoría: Emilio del Valle

Dirección: Emilio del Valle

Elenco: Rosa Manteiga, Jorge Muñoz e Nacho Vera (música)

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 80 min

Público: adulto

Prezo: 4 euros



.....

Sinopse: No escenario, un actor, unha actriz e un músico. De idades parecidas, constrúen dous personaxes dos que entran e saen, unha parella que se separa tras una longa convivencia na que ambos soñaron acabar as súas vidas xuntos. Pero teñen unha filla, que fai que a famosa frase do rito católico “ata que a morte nos separe” adquira todo o seu vigor. O actor e a actriz falarán de amor, de costume, de diñeiro, de fillos, do pasado, presente e futuro; de soños que se fían e rompen, de verdade ou relato...

Hasta que la muerte nos separe reflexiona sobre a parella como construción social, cultural, económica e relixiosa. A filla é obxectivo, pegamento, escusa, xustificación, pero, finalmente, sempre ocupa o terceiro lugar. A sociedade evoluciona, a idea occidental de familia, non.

Auditorio da FÁBRICA ▼



Rúa do Inglés, nº 13. Perillo

Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ ▼



Rúa do Chelito, s/n. Mera/Serantes

- Prégase puntualidade. Por respecto aos e ás artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- En atención á lexislación vixente será de obrigado cumprimento o respecto á capacidade máxima de cada sala.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais



Concello de



Oleiros